

### CONCLUSIÓNS CUESTIONARIO HL 08-09 PROFESORES

Número de profesores ós que se lle enviou o cuestionario por correo electrónico: **32**

Profesores que este ano ven afectado o seu horario coa HL: **24**

Número de de respostas: 20

Valoración da actividade: 4,4/5

ASPECTOS VALORADOS COMO POSITIVOS	Bastante: (3 ,4, 5) %	ASPECTOS VALORADOS COMO NEGATIVOS	Nada ou case nada:(1,2) %
A HL axuda á adquisición do hábito lector.	75%	Os alumnos non traen habitualmente o libro	63%
O facelo de forma simultánea integra a lectura como técnica transversal.	95%		
Crea un clima de calma	95%		
O aproveitamento do tempo de lectura polos alumnos é:	54%		
Axuda ao desenvolvemento da competencia da autonomía.	94%		
Os libros deben ser responsabilidade do alumno.	85%		
Os libros deben ser proporcionados a través do titor, Departamentos, BE.	74%		
Os libros deben ser proporcionados a través de todas as canles.	90%		
A entrada das mochilas nas aulas resulta:	88%		
HL , como espazo dentro do currículo necesario para a súa formación .	89%		
Desenvolve a competencia en comunicación lgca.	99%		
A HL repercutirá positivamente nos resultados académicos.	76%		
Deberíase manter este tempo	90%		

- A opción actual da distribución semanal do tempo de lectura de 3 días de 15 minutos é respaldada polo 47% do profesorado.

## CONCLUSIONES:

- Un 90% opina que este tempo debe manterse para o vindeiro curso.
- A distribución horaria actual de tres días á semana é respaldada por un 47% seguida dun 29% que opina que debería ser diaria.

## ASPECTOS MELLORABLES:

- Fomentar a responsabilidade do alumno á hora de traer o seu libro de lectura.
- O aproveitamento do tempo de lectura polo alumno, aínda que é satisfactorio segundo os resultados por algo máis da metade do alumnado (o 54%)

## MEDIDAS PROPOSTAS PARA SUBSANAR ESTES DOUS ASPECTOS NO VINDEIRO CURSO:

**1º.** Impulsar o préstamo dos recursos da BE co fin de propiciar a responsabilidade e a autonomía persoal.

**2º.** Incrementar a dotación das *Seccións documentais específicas* nas aulas con títulos relacionados coa materia en función do nivel e interese do alumno:

- a. Libros aportados polos Departamentos e Biblioteca
- b. Libros de nova adquisición
- c. Revistas especializadas

**3º.** Ampliar a permanencia no grupo da mesma mochila durante un mes.

**4º.** Impulsar o préstamo dos recursos da BE co fin de propiciar a responsabilidade e a autonomía persoal.

**5º.** Fixar o itinerario de lecturas para cada nivel educativo. (Competencia dos departamentos)

**6º.** Incluir e integrar os quince minutos de lectura na programación anual e na programación diaria de aula con responsabilidade directa do profesor da materia.

A libre elección supón para o alumno a decisión de escoller o tipo de lectura que prefere ler nese momento, pero o profesor sempre pode e debe mostrar, suxerir, aconsellar e ofertar aqueles títulos que dende a súa materia considere imprescindibles ou oportunos. De aí que tanto as *Seccións documentais específicas* como a Biblioteca do centro deben estar dotadas de recursos suficientes para tal fin.

7º. Facer un seguimento das lecturas por parte do profesor da materia e do titor. O alumno anotará na **AXENDA** que o centro lle facilita ao comezo de curso as lecturas que vai realizando no apartado fixado para tal fin.

8º. Facer fincapé na conveniencia de continuar coa lectura do libro que se comeza, agás que se rexeite por dificultosa ou carente de interese. O que hai que evitar é a escolleita sen reflexión ou comezar unha lectura diferente cada día.

Biblioteca IES de Sanxenxo, maio 2009